


NOTA DE PRENSA

Club de Lectura #BiblioMARCO / Biblioteca-Centro de Documentación

Proxección do filme “De Profundis”, de Miguelanxo Prado e coloquio co director

INFO en web MARCO <https://bit.ly/3ikbJbo>



Martes 29 de marzo ás 19.00

Salón de actos do MARCO

Aberto ao público en xeral

ENTRADA GRATUÍTA ata completar capacidade

Posibilidade de reserva de praza ata o 24 de marzo
para participantes Club Lectura e membros da AAM
Agrupación Amiga do MARCO en
centro.documentacion@marcovigo.com

**Actividade accesible para persoas con discapacidade
auditiva**, mediante:

Mochilas vibratorias durante a proxección

Intérprete lingua de signos no coloquio posterior

Imprescindible reserva mochila ata o 24 de marzo en
centro.documentacion@marcovigo.com



Coa colaboración de:



**Concello
de Nigrán**

No contexto da programación do **Club de Lectura #BiblioMARCO**, e como actividade complementaria da lectura do mes de febreiro —*Ardalén*, de Miguelanxo Prado— a Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO organiza a **proxección do filme “De Profundis”**, seguida dun **coloquio co seu director**.

“De Profundis” (Miguelanxo Prado, 2006)

Duración: 75 min.

Nominada aos Premios Goya na categoría de Película de Animación, 2006

Trailer: <https://www.youtube.com/watch?v=vyhakiu4ftE>

“De Profundis” conta unha historia marabillosa, onírica, con raíces nos mitos das culturas atlánticas, dos pobos asomados a este Pai Océano. Pretende adoptar a estrutura simple das narracións tradicionais e recrear as sensacións fabulosas dos contos mitolóxicos. Os personaxes principais son un pintor que soña ser mariño e pescador, e unha muller que toca o violonchelo, namorados e habitantes dunha casa no medio do mar.

Actividade accesible para persoas con discapacidade auditiva



“De Profundis” é un filme de animación de gran forza visual, poética, e sen diálogos. O coloquio posterior contará con **intérprete de lingua de signos**, e durante a proxección utilizaranse **mochilas vibratorias**, grazas á colaboración do **Concello de Nigrán** na súa cesión e uso para esta actividade.

Que son as mochilas vibratorias?

Son instrumentos creados para que persoas con discapacidade auditiva poidan gozar da música, dun espectáculo, cinema ou teatro. Esta novidosa tecnoloxía transforma o son en vibracións, rompendo así barreiras sensoriais e facilitando unha experiencia diferente.

O número de mochilas dispoñibles é de cinco, para ser utilizadas por dez persoas en total (á metade da proxección farase unha pausa para intercambiar as mochilas e ampliar así a experiencia). A reserva para a utilización das mochilas será por rigorosa orde de inscrición.

+ info en: <https://cutt.ly/LAKd3hq>

Sobre o filme

Ficha técnica

Título: *De Profundis* / Ano: 2006 / Dirección e guión: Miguelanxo Prado / Producción: Continental Producciones, Desembarco Producións / Música: Nani García / Técnica: animación 2D / Duración: 75 min.

“En 2001 comecei a pensar na posibilidade de facer unha película de animación ‘en solitario’. De inmediato apuntouse ao proxecto **Nani García**, amigo, músico e compositor. Fíxoo cun entusiasmo imprudente, pois o único que había era unha declaración de intencións. En 2002 comezamos a traballar ‘en serio’.

Cando o proxecto tivo un primeiro guión completo e unha primeira planificación visual acabada, **Chelo Loureiro**, que acabaría sendo a produtora executiva, aceptou subirse ao barco. Ela xestionou a participación de **Continental Produccións** como produtora principal, e a das demais produtoras e entidades que lle deron viabilidade ao proxecto, e nos deu apoio e ambición sen límites.

A **Orquestra Sinfónica de Galicia** gravou a banda sonora e a interpretou en directo nas dúas presentacións ‘en vivo’ que se fixeron ata o momento.

Foron catro anos de ‘traballo forzado’ e unha experiencia irrepitible. E sei moi ben o que quero dicir cando digo irrepitible.”

Miguelanxo Prado

Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Príncipe 54 - 36202 Vigo

Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00

comunicacion@marcovigo.com